

Brigantium no século XXI: aproximación aos últimos datos arqueolóxicos da ocupación galaicorromana na cidade de A Coruña (s. I-IV d.C.)

Brigantium at 21th century: An approach to new archaeological data of roman occupation in the city of A Coruña (1st-4th centuries AD)

<http://dx.doi.org/10.15304/gall.37.5177>

Samuel Nión Álvarez

Universidade de Santiago de Compostela

samuelnionalvarez@gmail.com

Resumo

O seguinte artigo realiza unha revisión dos datos arqueolóxicos obtidos nos últimos 20 anos de arqueoloxía na cidade da Coruña, centrándonos no espazo que ocupou o vello asentamento de Brigantium. Se ben é certo que a ocupación romana na cidade vella coruñesa despertou o interese de múltiples investigadores durante as últimas décadas do pasado século (NAVEIRO LÓPEZ 1988; BELLO DIÉGUEZ 1991; BELLO DIÉGUEZ e VÁZQUEZ GÓMEZ 1994; PÉREZ LOSADA 2002; GONZÁLEZ GARCÍA 2003, LÓPEZ PÉREZ 2004; entre outros), o certo é que neste novo milenio o interese decaeu, en paradóxica relación co aumento exponencial da información arqueolóxica dispoñible.

Nesta liña, os obxectivos principais son dous: realizar unha breve síntese que nos permita divulgar os datos arqueolóxicos máis relevantes obtidos nestas últimas dúas décadas, e actualizar o estado da cuestión sobre Brigantium; elaborando novas propostas que interpreten esta información, estudando o seu entramado “urbano” e elaborando hipóteses sobre os motivos que influíron na evolución do mesmo.

Palabras clave: Brigantium, Roma, arqueoloxía urbana, Noroeste peninsular, Gallaecia.

Abstract

Roman occupation in the historic centre of A Coruña has been a matter of interest from the galician researchers during the last decades of the twentieth century. A demonstration of that would be the publication of several archaeological synthesis and historical approximations with manifold points of view (NAVEIRO LÓPEZ 1988; BELLO DIÉGUEZ 1991; BELLO DIÉGUEZ e VÁZQUEZ GÓMEZ 1994; PÉREZ LOSADA 2002; GONZÁLEZ GARCÍA 2003, LÓPEZ PÉREZ 2004; among others). However, the researching has not been so sharp in the last years, concurring, paradoxically, with the hugest number of archaeological works in the history of A Coruña. Thus, this considerable amount of archaeological information were not analyzed or interpreted as a whole, neither the state of the research were been actualized.

With the aim to solve this gap on the research, a review of this twenty last years of archaeology will be proposed. This paper will not focus on the entire municipal term, but also in the place which was occupied by the old settlement of Brigantium. The main objectives are two: to draft an archaeological synthesis that allows the divulgation of this last decades of archaeological works, and to update the current state of the reasearch about Brigantium, its “urban” framework and the social processes which weighed in its development.

Keywords: Brigantium, Roma, urban archaeology, NW Iberia, Gallaecia.

1. INTRODUCI3N

A ocupaci3n antiga da cidade da Corua sempre despertou gran interese na comunidade acadmica (NAVEIRO L3PEZ 1988; BELLO DIGUEZ 1991; BELLO DIGUEZ e VZQUEZ G3MEZ, 1994; PREZ LOSADA 2002; GONZLEZ GARCA 2003; SAN CLAUDIO 2003; L3PEZ PREZ 2004; VZQUEZ G3MEZ 2008; entre outros). Durante os anos 80-90 e os primeiros 2000 publicronse mltiples traballos de investigaci3n dende distintas perspectivas para achegarse ao coecemento dos primeiros momentos de ocupaci3n da vila. Nos ltimos anos este interese parece menos intenso, algo que resulta parad3xico, pois co inicio da arqueoloxa de urxencia e a ordenaci3n das intervenci3ns urbanas o nmero de intervenci3ns arqueol3xicas realizadas aumentaron de xeito exponencial.

Dado que este “boom” na actividade arqueol3xica non trouxo consigo unha investigaci3n arqueol3xica acadmica que interpretara e analizara estes datos ou un maior coecemento divulgativo dos mesmos, resulta urxente sintetizar esta informaci3n. Nas seguintes pxinas, realizarase un compendio dos datos arqueol3xicos mis relevantes das intervenci3ns realizadas nos ltimos 20 anos. Esta data semella axeitada por varios motivos: en primeiro lugar, como dixemos, as ltimas publicaci3ns que realizaron snteses arqueol3xicas sobre Brigantium trataron, en ltimo lugar, intervenci3ns realizadas no 1998 (PREZ LOSADA 2002: 109-140; L3PEZ PREZ 2004: 48-72). Ademais, coincide co inicio da ordenaci3n das intervenci3ns urbanas dentro dos lmites municipais da Corua dentro do Plan Especial de Protecci3n e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadera (PEPRI), co cal semella un excelente punto de partida para actualizar o estado da cuesti3n cos datos ofrecidos por estes vinte anos de arqueoloxa de empresa.




Figura 1. Localizaci3n.

Por outra parte, esta inxente cantidade de información posibilita que se poida realizar unha actualización da vila brigantina no seu conxunto. Neste sentido, contrastar estes novos datos arqueolóxicos coas intervencións anteriores permitirá a elaboración dunha breve interpretación sobre a evolución urbana de Brigantium e as principais cuestións relacionadas cos seus procesos sociais.

2. METODOLOXÍA E XESTIÓN DA INFORMACIÓN

Antes de comezar, debemos deternos brevemente para expor algunhas cuestións relacionadas coa zona de traballo, a recopilación de datos e a xestión dos mesmos. En primeiro lugar, sendo conscientes de que se realizaron intervencións con datos relevantes para estas cronoloxías dentro do termo municipal (como poden ser MÉNDEZ FERNÁNDEZ 2014, FERNÁNDEZ MALDE 2017), consideramos pertinente circunscribirmos no entorno da zona PEPRI, ao constituír esta zona un conxunto arqueolóxico que nos permite realizar unha aproximación interpretativa sobre as súas características urbanas e funcionais.

Por outra parte, debemos ser conscientes de que o conxunto total aquí exposto non abarca, nin moito menos, o total das intervencións realizadas. Neste caso, a mostraxe limitase a todas aquelas que puideron ser revisadas nas institucións pertinentes¹. Resulta difícil discernir o número de intervencións arqueolóxicas realizadas, dadas as múltiples casuísticas que rodea tanto ao mundo da arqueoloxía como a cada intervención de xeito individual. Polo tanto, debemos ser conscientes de que non estamos plasmando neste artigo a totalidade da información arqueolóxica obtida, senón toda aquela á que nos foi posible acceder.

As intervencións arqueolóxicas analizadas posteriores ao 1998 son 193, das cales 118 implicaron remoción de terras (97 sondaxes e 21 escavacións en área), sendo as 75 restantes controis arqueolóxicos sen remocións de terra. Destas 193 intervencións, 73 ofreceron algún tipo de información arqueolóxica para as cronoloxías propostas. Acotando este concepto, podemos falar da existencia de 39 intervencións cun ou máis niveis de ocupación de época romana. O amplo número de intervencións estudadas imposibilita unha descrición pormenorizada de cada unha delas, polo que as que presenten unha menor cantidade de información non serán explicadas de xeito individualizado.

Aplicando este mesmo sistema cuantitativo ás intervencións anteriores a 1998, podemos apreciar un total de 23 con resultados positivos (sen contar os achados illados, moitos sen localización definida). Deles, 17 ofreceron niveis de ocupación de época antiga. Esta sinxela comparativa, que amosa a gran cantidade de información arqueolóxica recuperada nos últimos 20 anos, pon aínda máis de manifesto a necesidade de elaborar unha síntese como a aquí proposta.

1 Neste caso, o Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Sección de Arqueoloxía da Área de Infraestruturas do Concello de A Coruña.




Figura 2. Mapa das intervencións arqueolóxicas realizadas a partir de 1998.



Figura 3. Emprazamentos con evidencias de ocupación romana.

3. BRIGANTIUM EN CORUÑA: VINTE ANOS DE ARQUEOLOXÍA

Dado o volume de información recopilada, posiblemente sexa máis ordenado dividir o espazo en catro zonas de traballo: Cidade Vella, Pescadería e outras dúas zonas de ocupación “periférica”: Zalaeta-Orillamar e Cantóns-Orzán. Esta clasificación por sectores axudaranos tanto a ubicar os achados como a comprender a organización interna do asentamento.




Figura 4. Zonas nas que se divide a revisión.

Cidade Vella

A zona da cidade vella abarca, *grosso modo*, o espazo delimitado pola rúa da Maestranza, o paseo do Parrote e a Praza de María Pita. Estamos ante a zona á que se lle presúpon unha ocupación máis temperá, posiblemente asociada a funcións portuarias (BALILLANA 1980: 167-173; NAVEIRO LÓPEZ 1988: 43-44; BELLO DIÉGUEZ 1991: 88-90). Este sector presenta unha escasa potencia edáfica (NAVEIRO LÓPEZ 1988: 39; TOMÁS BOTELLA 2002: 7), sendo especialmente sinalable que con notables excepcións (BELLO DIÉGUEZ & VÁZQUEZ GÓMEZ 1994: 34; VÁZQUEZ GÓMEZ 1999: 135-138) unicamente se documentaban materiais en posición secundaria. Esta limitada potencia do solo débese en parte á situación en ladeira de gran parte da Cidade Vella, pero sobre todo á continua actividade humana que tivo lugar neste lugar durante 2000 anos (TOMÁS BOTELLA 2007b), sendo reformulada e reconstruída de forma continua.

A pesar destas limitaci3ns, nos 3ltimos anos document3ronse alg3ns solares cunha maior potencia ed3fica e arqueol3xica (situados nas r3as Damas, Tabernas ou Santo Domingo), nos que se documentaron varios niveis con cronolox3as romanas, habitualmente amortizados por recheos e construcci3ns baixomedievais.

Esta maior potencia arqueol3xica existente nalgunhas 3reas 3 especialmente apreciable nas intervenci3ns arqueol3xicas realizadas por Tom3s Botella nos inmobles 10 e 12 da r3a Tabernas (TOM3S BOTELLA 2001a; 2002a; 2003a; 2003b), tam3n estudados conxuntamente nunha publicaci3n recente (L3PEZ P3REZ e TOM3S BOTELLA 2010).

O n3 10, especialmente no sector orientado cara a r3a Tabernas, ofreceu nunha primeira intervenci3n varios niveis estratigr3ficos romanos con estruturas asociadas (TOM3S BOTELLA 2001a). Tras unha nova intervenci3n que avaliar3a a importancia destes restos (TOM3S BOTELLA 2002a), documentar3ase un nivel romano con catro treitos de muro perpendiculares entre si, en forma de cruz, relacionados con dous niveis de piso e pavimento superpostos. As3 mesmo, no 3ngulo NW do solar, exhumar3ase parcialmente unha estrutura p3trea complexa de forma rectangular da que resulta dif3cil definir a s3a funcionalidade (TOM3S BOTELLA 2002a). Resulta bastante significativa a existencia de dous niveis diacr3nicos de ocupaci3n, con presenza de m3ltiples reconstrucci3ns en ambas fases de ocupaci3n (TOM3S BOTELLA 2002a). As diferenzas entre os niveis son notables: mentres que o primeiro nivel de ocupaci3n consta de muros e un empedrado de boa factura, o segundo consta de construcci3ns de menor calidade, asentando sobre o derrubo da edificaci3n anterior. Atendendo ao conxunto material exhumado, resulta significativa a transici3n da *terra sigillata* hisp3nica, moi abundante no primeiro nivel, 3s *sigillatas* tard3as focenses e hisp3nicas do segundo (TOM3S BOTELLA, 2002a, L3PEZ P3REZ e TOM3S BOTELLA 2010). Atendendo ao estudo dos materiais, podemos datar o primeiro nivel de ocupaci3n da estrutura en torno ao s. II d.c. (L3PEZ P3REZ e TOM3S BOTELLA 2010, 177), sendo totalmente reconstru3da a mediados-finais do s. III d.c., cunha fase de ocupaci3n que poder3a chegar incluso ata o s. VI d.c.



Figura 5. Detalle da escavaci3n en Tabernas 10 (TOM3S BOTELLA 2003a).

Esta intervención debe de poñerse en relación coa actuación no inmovible contiguo de Tabernas 12 (TOMÁS BOTELLA 2003a; 2003b). Tras unha primeira fase de sondaxes, realízase unha escavación en área en múltiples sectores que nos documenta unha construción moi complexa e de gran superficie, con múltiples estancias diferenciadas en planta, algunhas cunha funcionalidade ben definida. O seu estado de conservación é bastante malo, e as súas cronoloxías pódense adscribir en momentos tardorromanos (s. IV-V d.C.) (TOMÁS BOTELLA 2003b). Tamén se documentou unha fase de ocupación inmediatamente anterior en peor estado de conservación, totalmente arrasada por esta construción (TOMÁS BOTELLA 2003).

Os materiais documentados poderían indicar unha posible ocupación deste espazo dende mediados do s. I d.c. (LÓPEZ PÉREZ e TOMÁS BOTELLA 2010: 179), aínda que o certo é que non se documentan materiais en contextos relacionados coa ocupación dos espazos construtivos dende o s. II d.c. Este espazo altoimperial será reformulado nalgún momento entre mediados e finais do s. III d.c., pasando a unificar esta edificación coas exhumadas en Tabernas 10 (LÓPEZ PÉREZ e TOMÁS BOTELLA 2010, 179).

Esta reformulación implicará a creación dun gran conxunto construtivo, datable dende os últimos anos do século III e con diversos detalles construtivos que nos poderían levar a considerala unha posible *villa* romana (LÓPEZ PÉREZ & TOMÁS BOTELLA 2010: 180). Ademais das súas dimensións e das súas estruturas adosadas, debemos destacar o a cuidada factura das súas construcións (TOMÁS BOTELLA 2003b) destacando algúns elementos construtivos como a existencia dunha base de columna no muro N do sector Pasadizo. Así mesmo, a entidade da súa obra queda patente ao implicar unha gran labor de acondicionamento do terreo, realizándose múltiples recheos construtivos e varias terrazas para asentar o seu edificio. Por outra parte, a súa disposición pode lembrar outros exemplos de *villae* ártabras como é o caso de Centroña ou Noville (LUENGO MARTÍNEZ 1962; PÉREZ LOSADA 1997). Aínda que o arqueólogo director considera a ausencia de materiais de carácter suntuario pode dificultar unha conclusión máis rotunda para este conxunto (TOMÁS BOTELLA 2003b), o certo é que este concepto de *villae* adoita estar moi influenciado polas *villae* clásicas mediterráneas (PÉREZ LOSADA 1996: 193-195; SÁNCHEZ PARDO 2008: 414). Tal e como expresan algúns autores, as *villae* non se tratan exclusivamente de edificacións luxosas, senón que dentro desta definición tamén poderían cadrar outro tipo de edificacións menos “ostentosas”, que igualmente funcionarían como espazos de explotación produtiva que controlan unha zona máis ou menos ampla na súa contorna (SÁNCHEZ PARDO 2008: 415).

Finalmente, debemos destacar a existencia dun posible camiño (LÓPEZ PÉREZ e TOMÁS BOTELLA 2010: 179) que se dirixa cara a zona onde podería situarse o porto ou un acceso ao mesmo, evidenciando unha planificación urbanística dentro da propia cidade (LÓPEZ PÉREZ e TOMÁS BOTELLA 2010: 179-180). Este camiño sería amortizado pola unificación dos dous espazos construtivos a finais do s. III d.c., un dato que insinúa certas rupturas coa organización urbanística altoimperial, tema que abordaremos máis adiante.




Figura 6. Plantas dos solares Tabernas 10 e 12 (TOMS BOTELLA 2003a; 2003b).



Figura 7. Estancia interpretada como cocia en Tabernas 12 (TOMS BOTELLA 2003a; 2003b).

Continuando a través da rúa Tabernas, no nº 18 documentouse un nivel tardorromano, cun nivel de uso situable en torno ao s. IV a.c., relacionado cunha construción realizada a cachotería irregular, e cun pavimento asociado de terra pisada no exterior da edificación (RAMIL GONZÁLEZ 2009b). Do mesmo xeito ca nos casos anteriores, tamén atopamos indicios dunha ocupación anterior, como é o caso dunha ara adicada a Júpiter reutilizada na construción do muro que poderíamos datar dos s. I-II d.C. e dun pavimento de *opus signinum* de posible adscrición altoimperial (RAMIL GONZÁLEZ 2013: 112-113), que nos podería indicar unha reutilización e reconstrución da estrutura en época baixoimperial.

No inmovible inmediatamente contiguo, Tabernas 20, realizáronse varias sondaxes que exhumaron dous niveis de ocupación con características semellantes aos das anteriores intervencións (TOMÁS BOTELLA 2008a). Centrándonos na fase baixoimperial, este consta de varias estruturas asociadas, cun gran conxunto de materialidade baixoimperial dos que destacamos numerosos fragmentos de *sigillata* hispánica tardía asociados (TOMÁS BOTELLA 2008a). Baixo este nivel, documéntanse varios depósitos de época altoimperial, posiblemente vertedoiros, con abundante presenza de ánforas e cerámica común.

Así mesmo, podemos destacar algunhas obras con datos de menor entidade, como poden ser as sondaxes en Tabernas 4, que documentaron, ademais de materiais de adscrición romana en niveis de recheo, restos dun pavimento de *opus signinum* (LÓPEZ 2003). Na intervención de 2002 nos solares Tabernas nº 2 e Santiago nº 6, tamén se atoparon materiais romanos en niveis de recheo, así como a existencia dunha construción de adscrición romana, sen niveis de ocupación conservados, posiblemente porque é reaproveitada como cimentación para unha construción de época moderna (RAMIL GONZÁLEZ 2003). Por último, no inmovible número 21 da rúa Tabernas documentáronse os dous niveis de ocupación xa habituais nesta zona, destacando unha construción de época tardorromana con abundante cerámica común e cerámica fina de mesa (TOMÁS BOTELLA 2005a).

A veciña rúa do Parrote tamén ofrece resultados interesantes, aínda que en menor cantidade. Nas intervencións realizadas en Parrote 14 (TOMÁS BOTELLA 2007b; TOMÁS BOTELLA 2010) documentáronse varias estruturas romanas, destacando a existencia dunha edificación con empedrado e un pozo, colmatado cun recheo de terra con cerámicas e restos anfóricos de adscrición romana (TOMÁS BOTELLA 2007). As cronoloxías desta estrutura son difíciles de definir, aínda que no inmovible inmediato, Parrote 16, documentouse un vertedoiro de cronoloxías romanas, con gran cantidade de *sigillata* hispánica tardía nos niveis de recheos superiores (MUÍÑO MANEIRO 2008a), posiblemente asociado coas construcións contiguas.

Na rúa Damas tamén atopamos información relevante. Na intervención realizada no inmovible nº 3, exhumouse un muro e un pavimento de xabre con cronoloxías situables entre mediados-finais do I d.C. e comezos do II d.C. (MUÍÑO MANEIRO 2008b). Nas intervencións realizadas en Damas 6 (FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ 2000a; 2000b) resulta sinalable a aparición dunha estrutura pétreo de canalización de cronoloxías romanas, composta por dúas ringleiras paralelas de pedras ben careadas e de boa factura, posible-

mente asociada a labores de drenaxe. Anda que na primeira intervenci3n o conxunto material semellaba levarnos a pocas baixoimperiais (FERNNDEZ RODRGUEZ 2000a), na segunda documentouse o nivel de uso desta estrutura de canalizaci3n, asociada a *sigillatas* hispnicas, restos anf3ricos e cermica comn con decoraci3n en retcula bruida (FERNNDEZ RODRGUEZ 2000b), que semella ms axeitado datar en torno ao s. II d.C. O nivel baixoimperial anteriormente citado tratarase dun nivel de abandono homoxneo que colmatara esta canalizaci3n, selado  sa vez por un empedrado de cronoloxas posteriores (FERNNDEZ RODRGUEZ 2000b).





Figura 8. Planta e distribuci3n das sondaxes en Parrote 14 (TOMS BOTELLA 2007b).

Máis coñecidas son as intervencións realizadas en Damas 8, tratadas en recentes publicacións (LÓPEZ PÉREZ e MUÍÑO MANEIRO 2011). Tras unha primeira actuación que deu como resultado a aparición de materiais romanos romana en posición secundaria (MUÍÑO MANEIRO 2003a), optouse por unha escavación en área da totalidade do solar (MUÍÑO 2003b, LÓPEZ PÉREZ e MUÍÑO MANEIRO 2011). Esta actuación exhumou unha pequena construción en ángulo, cortada polo muro medianeiro dunha construción posterior. Esta relacionárase cunha construción adosada, con técnicas construtivas idénticas, e cunha foxa triangular escavada no substrato e con varios buratos de poste achegados, situada na súa contorna inmediata e na mesma unidade estratigráfica (MUÍÑO MANEIRO 2003b). A este conxunto hai que engadirlle dous depósitos secundarios situados fóra dos límites do inmueble, que aportan a gran maioría da colección cerámica estudada (LÓPEZ PÉREZ e MUÍÑO MANEIRO 2011: 130). Aínda que se recuperan algúns materiais datables no I d.C. en niveis de recheo, a gran maior parte do conxunto pertence ao s. II d.C. (LÓPEZ PÉREZ e MUÍÑO MANEIRO 2011: 133), así como algúns materiais que se poderían datar en época baixoimperial, sempre en posición secundaria e relacionados co nivel de recheo que enche a citada foxa.

Figura 9. Planta do inmueble e sondaxes realizadas en Damas 8 (LÓPEZ PÉREZ & MUÍÑO MANEIRO 2011: 128).



Os datos arqueolóxicos noutras zonas da Cidade Vella son bastante máis exiguos. No nº 17 da rúa Amargura, atopáronse, en niveis de recheo, fragmentos de *terra sigillata* hispánica e de verniz vermello pompeiano (TOMÁS BOTELLA 2006a). Este conxunto

material resulta asimilable ao documentado no n^o 7 da mesma rúa, engadindo ao xa citado unha gran cantidade de fragmentos de cer3mica com3n romana (CCR de Alcorta e ret3cula bru3nida) (CASTRO PAREDES 2002). Este tipo de achados en contextos secundarios son relativamente habituais, e as s3as circunstancias contextuais son extrapolables a boa parte da zona vella. En Pr3ncipe 17, docum3ntanse grandes cantidades de cer3mica com3n romana e material anf3rico en dous niveis superpostos de recheo (TOM3S BOTELLA 2007a); no inmoble Porta de Aires 9 – Ferrer3as 2 recuper3ronse varias t3gulas con pestana e un *catillus* de mu3no reutilizado (PENA BASSO, 2010a); en San Carlos 3-5-7-9 recuper3ronse restos de 3nforas Almagro 51 e varias metas de mu3no (PRADO FERN3NDEZ 2006a). Estas caracter3sticas deposicionais son extrapolables a outras r3as, con m3ltiples exemplos (RAMIL GONZ3LEZ 2001; 2006; PRADO 2008a) que non aportan moita m3is informaci3n da xa comentada.

A 3nica excepci3n ofr3cea a intervenci3n realizada na r3a Santo Domingo, n^o 6 (VIDAL CAEIRO 2006; 2009). Realizada entre 2005 e 2006, aporta o maior rexistro material documentado en toda a zona PEPRI, cun total duns 16 000 fragmentos cer3micos e 800 obxectos met3licos, na s3a maior3a bronzes, destacando unha gran cantidade de alfinetes e de 51 numismas de m3ltiples cronolox3as. A3nda que boa parte do conxunto debe situarse en 3poca medieval, destacamos tam3n a aparici3n de varias estruturas de 3poca romana, conformando un conxunto construtivo composto por varios muros, alg3ns con enlousados asociados (VIDAL CAEIRO 2009: 35). A gran maior3a do conxunto p3dese datar en 3poca altoimperial, inici3ndose ao longo do s. I. Estas construcci3ns, como acontece noutros casos desta mesma r3a, son abandonadas en 3poca baixoimperial, con escasas evidencias de reocupaci3n. A gran maior3a de niveis posteriores ao s. III l3mtanse a un par de muretes de mala factura e varios estratos con deposici3n secundaria de materiais. Resulta interesante a aparici3n dun numisma de Galieno (datable entre o 260 e o 268 d.C.) nun destes niveis de dep3sito (VIDAL CAEIRO 2006: 12).




Figura 10. Estructuras romanas en planta documentadas en Santo Domingo 6 (VIDAL CAEIRO 2009).

Pescadería

A zona denominada como barrio da Pescadería foi habitualmente considerada como a zona “de expansión” do núcleo orixinal romano de Brigantium, outorgándolle en ocasións cronoloxías posteriores ás da Cidade Vella (NAVEIRO LÓPEZ 1988: 45; LÓPEZ PÉREZ 2010: 97). A zona presenta un trazado case ortogonal que podería asociarse cun trazado “pseudohipodámico” (PÉREZ LOSADA 2002: 121), aínda que tampouco tería por que afastarse demasiado do urbanismo tradicional de moitas vilas mariñeiras galegas. Trátase da zona máis fértil a nivel de rexistro de todo Brigantium, cuns procesos postdeposicionais máis “benévolos” ca os da Cidade Vella. A Pescadería artéllase en torno a varias rías paralelas entre si, entre a Avda. da Mariña e a rúa de San Andrés. De forma aproximada, a súa extensión E-W poderíase situar entre os eixos Praza de María Pita-Rúa Nova, tendo como límite N a rúa de San Andrés.

Comezando en dirección E-W, a zona máis achegada á Cidade Vella é a Praza de María Pita, que xa foi froito de intervencións arqueolóxicas en 1985 (NAVEIRO LÓPEZ 1985, 1988). Na zona, moi arrasada por edificacións modernas e contemporáneas (NAVEIRO LÓPEZ 1985), aínda resulta posible atopar restos arqueolóxicos, sobre todo na parte W da praza (TOMÁS BOTELLA 2004d). Un bo exemplo é o pavimento de *opus signinum* documentado no seu número 22 (TOMÁS BOTELLA 2004d), estrutura delimitada por unha edificación da que apenas conservamos un par de fiadas da súa cimentación.

Son moito máis fértiles, por outra parte, os niveis arqueolóxicos das rúas situadas ao W da praza municipal. No número 4 de Riego de Agua, documentouse outra estrutura de *opus signinum*, sobre a que se sitúa unha estrutura cuadrangular de 80 x 90 cm, conformada por pedras de granito de pequeno e mediano tamaño, de funcionalidade descoñecida (RUPIDEIRA GIRALDO 2001). Moi achegado a este pavimento, documentouse unha estrutura feita en barro, probablemente un escalón. Nas sondaxes previas a esta escavación en área xa se exhumara unha estrutura de canalización duns 2 m de longo, de forma rectangular e de cara lisa (RUPIDEIRA GIRALDO 2000). Este conxunto pode datarse en época altoimperial, atendendo á *sigillata* hispánica e aos fragmentos de verniz vermello pompeiano documentados en niveis de ocupación (RUPIDEIRA GIRALDO 2000).

Temos outros exemplos de construcións romanas nesta mesma rúa. No número 38, recuperáronse varios treitos de muro, algúns con enlousado asociado (CASTRO VIGO 2009; 2010a), que semellan formar parte dun mesmo conxunto doméstico de cronoloxías altoimperiais. No número 40 documentouse a existencia dunha construción de época romana de cronoloxías indeterminadas que constaría dunha canle construída a partires de dous bloques de granito, integrada dentro da cimentación do edificio (GONZÁLEZ FERNÁNDEZ 2000b). O arqueólogo director sitúa esta edificación en época baixoimperial.

Resulta especialmente interesante a intervención realizada en Riego de Agua 56. A escavación en área realizada neste solar ofreceu unha cantidade inxente de información de múltiples cronoloxías. Moi achegada ás intervencións realizadas con anterioridade por Luengo Martínez en 1949 e Vázquez Gómez en 1991 (LUENGO 1953; BELLO DIÉ-

GUEZ e VZQUEZ G3MEZ, 1995: 34-35), esta actuaci3n confirmou boa parte da informaci3n apuntada nestas das campaaas. En primeiro lugar, destacamos a apareci3n de 8 sepulturas de inhumaci3n de poca baixoimperial, realizadas tanto en tgulas como con laxes de pizarra (PENA BASSO 2008a). Este ltimo tipo de tumbas adoita asociarse tipol3xicamente con contextos altomedievais (NAVEIRO L3PEZ 1988: 40), mais existen algns exemplos que poderan datarse entre os s. IV-V d.C. (GONZLEZ VILLAESCUSA 2001: 101-103). Este tipo de paralelos resultan bastante axeitados, pois as tumbas 4 e 5 (esta ltima construida con laxas de pizarra) sitanse no estrato superior ao que acolle unha construci3n muraria romana², que sera amortizada para a construci3n dunha rampla con argamasa que comezara no peche N do muro e que se estendera ata a altura das tumbas 4 e 5 (PENA BASSO 2008a). Esta construci3n resulta claramente anterior  construci3n da rampla, que  sa vez  anterior s tumbas. Anda que non temos datos materiais especialmente significativos, resulta bastante probable que esta construci3n poida situarse en poca altoimperial, sendo a rampla un engadido posterior. As tumbas, tanto as de tgulas como as de laxes de pizarra, situaranse nun nivel superior, nun nivel asimilable a poca baixoimperial.

Paralela  Riego de Agua, a ra Franxa xa ofrecera con anterioridade unha boa cantidade de materiais e estruturas arqueol3xicas (BELLO DIGUEZ 1991: 79-80; BELLO DIGUEZ e VZQUEZ G3MEZ 1994: 34-35; VZQUEZ G3MEZ 1996: 411-461), na gran maiora asociadas a unha fase de ocupaci3n datable entre os s. I e II d.c (PREZ LOSADA 2002: 128). En boa parte das actuaci3ns recentes documentronse unicamente materiais en niveis de revolto (TOMS BOTELLA 2001c; VZQUEZ COLLAZO 2003; TOMS BOTELLA 2006b), mais podemos identificar algns restos arqueol3xicos en posici3n primaria:

No inmovible n 39 da ra Franxa, documentronse dous treitos de muro cun pavimento asociado realizado con area de xabre e anacos de tgula pouco triturada (DOVAL GALN 2000a; 2000b). O conxunto material asociado  claramente tardoimperial, destacando a presenza de *sigillata* hispnica tarda, *sigillatas* africanas ou nforas de tipoloxa Almagro 51 que permiten situar este conxunto entre os s. III-IV (DOVAL GALN 2000b), anda que algns materiais poderan estenderse temporalmente ata os s. V ou incluso o VI.

En Franxa 54, documntanse das fases construtivas romanas claramente diferenciadas. Na primeira fase de ocupaci3n, exhumouse unha canle arquitect3nica en *tegulae*, cun marcado buzamento cara o SE, con materiais que nos levan aos s. I-II d.C. (*sigillata* hispnica, paredes finas, etc.) (TOMS BOTELLA 2001d). Sobre esta canle documntase unha pequena construci3n cadrada/rectangular, con orientaci3n SW-NE e realizada en mampostera, que podera constar dunha posible escaleira de acceso a un andar superior (TOMS BOTELLA 2001d). Para a segunda fase de ocupaci3n, atopamos unha sucesi3n de distintos pavimentos, coroados por un *opus signinum*, que amortizan os niveis anteriores a travs de pedra e argamasas (TOMS BOTELLA 2001d). Ambas fases as3cianse

2 Non obstante, non podemos descartar unha posible "coexistencia temporal" entre ambas tipoloxas durante os primeiros sculos da Idade Media, pois o espazo semella seguir sendo utilizado como necr3pole.

co que xa estamos comezando a apreciar como habitual dentro do entramado brigantino, unha primeira fase altoimperial que queda amortizada tras unha nova fase de ocupación baixoimperial, posiblemente iniciada na segunda metade do s. III, que semella indicarnos unha nova etapa da vila coruñesa.

Ao N destas dúas rúas, a ocupación é moito máis dispersa. As intervencións realizadas nas rúas Florida, San Agustín ou na Praza do Humor non ofreceron resultados positivos (TOMÁS BOTELLA 2005d; SINDE 2009; FERNÁNDEZ ABELLA 2013; por exemplo). As intervencións realizadas nesta zona son bastante escasas en número (temos datos dunhas dez intervencións), e coa excepción dun recheo moderno con materiais romanos documentado na Praza de San Agustín (NAVEIRO LÓPEZ 1988: 39), esta ausencia pode indicar o límite N da zona de ocupación, cunha hipotética presenza marxinal que probablemente deixase poucas pegadas na zona. Un argumento a favor trátase da tumba de tégulas documentada na rúa Florida (NAVEIRO LÓPEZ 1988: 39-40), que en lugar de tratarse dunha teórica expansión do espazo adicada á necrópole, semella ser, máis ben, un enterramento illado nunha área que xa rondaba os límites da zona de ocupación altoimperial, igualmente desocupada a nivel habitacional en época baixoimperial.

Seguindo o camiño que marca a rúa Riego de Agua, continuamos pola rúa Real, que ofrece un un gran volume de información. No nº 8, no emprazamento do antigo Cine París, exhumouse un nivel datable entre os s IV e V d.C., atendendo ao material anfórico e á *terra sigillata* africana recuperada (TOMÁS BOTELLA 2000e). Documentábase unha estrutura con restos de enlousado, parcialmente destruído, que poderían ter continuidade coas estruturas atopadas por Luengo en 1949 (LUENGO MARTÍNEZ 1953: 415-427; NAVEIRO LÓPEZ 1988: 40; PÉREZ LOSADA 2002: 130-131). As cronoloxías desta construción non resultan totalmente claras, aínda que o arqueólogo director opta por situala en época baixoimperial (TOMÁS BOTELLA 2000e).

A escasos metros do Cine París, realizouse unha intervención que podería dar continuidade tanto aos restos documentados nesta intervención como aos exhumados por Luengo a finais dos anos 40. Realizada no nº 9 da rúa Galera, documéntase un nivel de area grisácea con materiais de adscrición romana e gran número de pedras de cuarcita traballadas, que o arqueólogo director considera parte do conxunto construtivo escavado no inmovible do Cine París (VÁZQUEZ COLLAZO 2002a). Este nivel de derrubo tería cronoloxías altoimperiais, atendendo a varios elementos como os fragmentos da forma 27 de *sigillata* hispánica, datable entre o último terzo do s. I d.C. e finais do II d.C. (VÁZQUEZ COLLAZO 2002a), co que se complica a súa relación coas estruturas do Cine París: ou son construcións diferenciadas, ou estamos ante un derrubo de edificacións anteriores realizado polas construcións baixoimperiais. Tampouco podemos descartar, en todo caso, unha ocupación altoimperial para os restos do Cine París.

Por outra parte, en Real 34 exhumáronse unha inxente cantidade de restos funerarios en varias intervencións (TOMÁS BOTELLA 2001b; 2003c; 2004b). Nunha primeira fase de escavación, recuperouse unha foxa de incineración con restos humanos dentro dunha vasilla romana tipo Vegas 31 e fragmentos dunha ola de cerámica común O1 de Alcorta (TOMÁS BOTELLA 2001b). Este conxunto, selado por acumulación de area mariña, podería datarse entre os s. I-II d.C., sendo a primeira evidencia dunha necrópole

anterior ao conxunto de tumbas de t3gulas habitualmente documentadas. Nunha segunda fase documentaríanse unha maior cantidade de foxas, un total de catro, tres con urna e enxoval asociado, tam3n de incineraci3n (TOM3S BOTELLA 2003c). As3 mesmo, a estas hai que engadirlle unha tumba de inhumaci3n de car3cter infantil. Unha terceira intervenci3n rematar3a por definir este conxunto ao documentarse d3as foxas m3is, d3as tumbas m3is de inhumaci3n e unha estela funeraria (TOM3S BOTELLA 2004b). En definitiva, temos un grupo de enterramentos funerarios formado por un total de oito foxas de incineraci3n, tres de inhumaci3n e unha estela funeraria. Os esqueletes documentados foron obxecto dun estudo antropol3xico no que se definiron un total de tres individuos (SERRULLA RECH 2004, GRANDAL D'ANGLADE *et al.* 2015). Dous estar3an carbonizados ao ser cremados en urnas de incineraci3n, mentras que o esquelete, en bo estado de conservaci3n, pertence a unha muller de baixa estatura, falecida en torno aos 35 anos de idade, e de posible orixe norteafricano (SERULLA RECH 2004).



Figura 11. Inhumaci3n n3 3 con lauda e sector E da necr3pole de Real 34 (TOM3S BOTELLA 2004b).

Esta intervenci3n ofrece datos totalmente novidosos para a compresi3n de Brigantium. A aparici3n de foxas de cremaci3n con contextos asociados aos s. I-II d.C. perm3tenos datar as primeiras 3pocas de ocupaci3n da necr3pole da r3a Real. Ata este momento, todas as tumbas documentadas eran adscribibles a un per3odo baixoimperial, pero a presenza destas novas tipolox3as de enterramentos ind3canos que esta zona xa ti3a uso como necr3pole en tempos bastante anteriores (amosando tam3n o habitual polimorfismo tipol3xico ben co3ecido nos enterramentos altoimperiais). Por outra parte, a aparici3n dunha estela funeraria que alude 3 a presenza dun *exactor* en Brigantium volve incidir na relevancia do enclave como lugar administrativo. Este ep3grafe, recentemente estudado (RODR3GUEZ COLMENERO 2005), ind3canos a m3is que probable existencia dunha *statio* do portorium en Brigantium, tal e como se ten comentado anteriormente (BALIL ILLANA 1977: 123-129; BELLO DI3GUEZ 1991: 91; NAVEIRO L3PEZ 1994: 38; PEREIRA MENAUT 1994; RODR3GUEZ COLMENERO 2005: 883; L3PEZ P3REZ 2010: 99), un punto de cobro que incidir3a na importancia da administraci3n imperial na estruturaci3n urbana da vila.




Figura 12. Detalle da planta da intervención en Real 34 (TOMÁS BOTELLA 2004b).

Se continuamos en dirección W pola rúa Real, semella plausible que a necrópole tivese os seus límites en torno aos nº 40-50 de devandita rúa. Na intervención realizada en Real 56, documentouse un pavimento de *opus signinum* con dúas fases construtivas, así como unha gran cantidade de tégula en niveis de recheo (LÓPEZ 2005). Máis adiante, no nº 67, documéntase material cerámico romano moi rodado, así como restos dun pequeno concheiro (TOMÁS BOTELLA 2004c), duns 0,3 m² de superficie, de probable orixe doméstica e interpretado como un espazo marxinal situado na contorna urbana (TOMÁS BOTELLA 2004c).

Na rúa Galera, non obstante, apenas atopamos restos arqueolóxicos (BLANCO SANMARTÍN 1999, TOMÁS BOTELLA 2000h; 2007i; PRADO FERNÁNDEZ 2007), coa excepción das estruturas xa comentadas anteriormente (VÁZQUEZ COLLAZO 2002a). Esta ausencia continua en todas as zonas analizadas situadas ao W da rúa Bailén, na que desembocan Franxa e Riego de Agua. En todas as intervencións situadas entre as rúas San Andrés, Bailén-Barreira, Galera e Nova (un total de 22), unicamente documentáronse restos arqueolóxicos en dúas: o xa comentado caso do nº 9 da rúa Galera (posiblemente parte do conxunto de Real 8 e moi achegado á zona urbanizada da Pescadería), e un pequeno compendio de materiais composto por un pequeno fragmento de *sigillata* hispánica e restos dunha ánfora oriental dos s. V d.C., presentes nun nivel de recheo exhumado no Nº 32 da rúa Barrera no que predominan as cerámicas esmaltadas medievais (PRADO FERNÁNDEZ 2006c). Todo indica que estamos ante un caso semellante ao das rúas Florida e San Agustín, cunha presenza de niveis de ocupación antiga nula e unha

presenza material moi escasa, o que nos amosa o lmite N da ocupaci3n galaicorromana nesta zona.

Zalaeta-Orillamar

Nos barrios de Zalaeta e Orillamar foron revisadas un total de 23 intervenci3ns, das cales ningunha ofreceu evidencia de ocupaci3n antiga na zona. Esta ausencia de restos arqueol3xicos segue a lina do apuntado anteriormente, na que se plantexaba unha ocupaci3n nula ou marxinal dende San Agustn cara o Norte. Cos datos dos que actualmente dispoemos, podemos concluír que esta rea carece de ocupaci3n en poca antiga.

Cant3ns-Orzn

Situaci3n distinta  a que ofrece a zona situada ao W da ra Nova. No espacio situado mais ao N (nas ras Orzn, Hortas, Santa Catalina e San Andrs) non se documentan materiais nin estruturas das pocas que nos atinxen (PARGA CASTRO 2002; TOMS BOTELLA 2003d; PRADO FERNNDEZ 2008c), atendendo aos resultados dunhas 12 intervenci3ns analizadas, situaci3n que cambia bastante a medida que nos aproximamos  zona dos Cant3ns.

